



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ciencia política III: Políticas públicas

Materia	Ciencia política III: Políticas públicas			
Código	P04G090V01204			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Mahou Lago, Xose Maria			
Profesorado	Mahou Lago, Xose Maria			
Correo-e	xmahou@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral O obxectivo xeral desta materia é achegarlle ao alumnado os conceptos básicos e a metodoloxía de elaboración, execución e avaliación das políticas públicas coa intención de que, por unha banda, afonde na lóxica do proceso político-administrativo no seu conxunto e, por outra, se familiarice coas ferramentas que a ciencia política pon á disposición dos profesionais para aumentar a eficacia do proceso de elaboración e realización de programas públicos.

En definitiva, ao final do curso, o alumnado poderá:

- Definir e documentar ordenadamente as diferentes definicións que nun momento dado se poidan establecer sobre un problema público.
- Identificar o público obxectivo dun programa e o público interesado dunha iniciativa pública.
- Recoñecer e valorar as solucións alternativas a un problema.
- Valorar os produtos e resultados dunha actuación pública.
- Coñecer os diferentes tipos de avaliación e a súa aplicación a cada fase do proceso de políticas públicas.

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecer procesos de obtención, elaboración, análise e interpretación de datos para a toma de decisións
A59	Saber aplicar a metodoloxía das Ciencias Sociais e das Técnicas de Investigación Social
B1	Capacidade para planificar, implantar, avaliar e analizar políticas públicas
B8	Capacidade para aplicar e interpretar políticas públicas sectoriais en diferentes niveis de goberno
B9	Saber aplicar a metodoloxía da Análise de Políticas Públicas
B21	Compromiso social e asertividade
B22	Capacidade de persuasión e de comunicación oral e escrita en linguas vernáculas
B25	Capacidade de razoamento crítico e aceptación de ideas e criticas

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
<input type="checkbox"/> Coñecer procesos de obtención, elaboración, análise e interpretación de datos para a toma de decisións.	A2
<input type="checkbox"/> Ser capaz de planificar, implantar, avaliar e analizar políticas públicas.	B1
<input type="checkbox"/> Demostrar aptitude para aplicar e interpretar políticas públicas sectoriais en diferentes niveis de goberno.	B8
<input type="checkbox"/> Saber aplicar a metodoloxía da análise de políticas públicas.	B9
<input type="checkbox"/> Manifestar compromiso social e asertividade.	B21
<input type="checkbox"/> Amosar facultade de persuasión e para a comunicación oral e escrita en linguas vernáculas e estranxeiras.	B22
<input type="checkbox"/> Ter capacidade de razoamento crítico e aceptación de ideas e criticas.	B25

□ Demostrar aptitude para aplicar e interpretar políticas públicas sectoriais en diferentes niveis de A59 goberno.

Contidos	
Tema	
Tema 1. As políticas públicas	1.1. As políticas públicas no seu contexto. O estado de benestar e a superación do modelo weberiano. 1.2. Orixe e desenvolvemento dos estudos das políticas públicas. 1.3. Definición de política pública. Tipos de políticas públicas. 1.4. Fases das políticas públicas.
Tema 2. Os actores do proceso de políticas públicas	2.1. Definición de actor. Recursos, obxectivos e roles. 2.2. As políticas como interacción entre actores: pluralismo, corporativismo e redes. 2.3. Liderado e negociación no proceso político.
Tema 3. Definición do problema	3.1. A axenda política: a conversión do problema social en asunto público 3.2. A construción do problema "político"
Tema 4. Deseño e formulación das políticas públicas. A toma de decisión	4.1. Alternativas de acción: a análise prospectiva e a fixación dos obxectivos e medidas. 4.2. A toma de decisión: os modelos racional e incremental.
Tema 5. Implementación das políticas públicas	5.1. Definición de implementación. 5.2. Evolución dos estudos de implementación. Os modelos "top-down" e "bottom-up".
Tema 6. A avaliación das políticas públicas	6.1. Definición e obxectivos da avaliación. 6.2. Tipos de avaliación e utilidades

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	30	0	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	32	0	32
Sesión maxistral	32	0	32
Probas de tipo test	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou ampliar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, o uso de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Sesión maxistral	□ Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado. □ Aprendizaxe colaborativa: enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal o estudiantado é responsable da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de responsabilidade compartida para atinxir metas e incentivos de grupo. É tanto un método, que se utilizará entre outros, como un enfoque global do ensino, unha filosofía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Resolución de dúbidas do alumnado en relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atender ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesorado ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Seminarios	Resolución de dúbidas do alumnado en relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atender ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesorado ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de dúbidas do alumnado en relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atender ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesorado ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
---	---

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Probas de tipo test	Test para avaliar as competencias adquiridas polo alumnado que inclúe 20 preguntas pechadas -con diferentes alternativas de resposta- e preguntas abertas. O valor de cada pregunta é de 0,15 puntos. Por cada 3 preguntas mal contestadas restarase 1 pregunta ben. O alumnado deberá obter no exame un mínimo de 1,25 puntos para sumar o resto dos criterios.	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nos Grupos Intermedio e Reducido o estudiantado deberá solucionar unha serie de problemas, exercicios e/ou textos nun tempo e condicións establecidos polos profesores aplicando os coñecementos que adquire no Grupo Grande.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

O estudiantado que acredite estar traballando en horas de clase poderá optar á seguinte avaliación:

- Proba tipo test (32 preguntas cun valor de 0,25 cada unha): 80 %
- Traballos e proxectos adaptados: 20 %

Bibliografía. Fontes de información

- Aguilar Villanueva, **La hechura de las políticas**, México DC: Miguel Angel Porrúa,
 Subirats, Joan, **Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración**, Madrid: MAP,
 Aguilar Villanueva (editor), **La implementación de las Políticas Públicas**, México DC: Miguel Angel Porrúa,
 Bañon, Rafael & Carrillo, Ernesto, **La nueva Administración Pública**, Madrid: Alianza Editorial,
 Meny, Yves & Thoenig, Jean-Claude, **Las políticas públicas**, Barcelona: Ariel,
 Subirats, Joan; Knoepfel, Perter; Larrue, Corinne; Varone, Frédéric, **Análisis y gestión de políticas públicas**, Barcelona: Ariel,
 Pérez Sánchez, Margarita (ed.), **Análisis de políticas públicas**, Granada: Universidad de Granada,
 Grau, Mireia & Mateos, Araceli (eds.), **Análisis de políticas públicas en España: enfoques y casos**, Valencia: Tirant lo Blanch,
 Moran, Michel; Rein, Martin; Goodin, Robert, **The Oxford Handbook of Public Policy**, Oxford: Oxford University Press,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

- Avaliación de políticas, programas e proxectos públicos/P04G090V01901
 Xestión de proxectos no ámbito autonómico e local/P04G090V01911
 Modelos de mellora continua nas administracións públicas e no sector non lucrativo/P04G090V01906
 Participación política e sociedade civil/P04G090V01907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

- Ciencia política I: Introducción á ciencia política/P04G090V01105
 Ciencia política II: Fundamentos de ciencia da administración/P04G090V01104
 Ciencia política IV: Sistema político español e galego/P04G090V01205